



**BORRADOR DA ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA DO  
CONCELLO DE TUI (PONTEVEDRA) CELEBRADA O DÍA 12  
DE DECEMBRO DE 2017.**

**SESIÓN Nº 13/2017**

**ASISTENTES**

**ALCALDE-PRESIDENTE**

Carlos Vázquez Padín

**CONCELLEIROS/AS**

**GRUPO MUNICIPAL DO PP**

Antonio Castro Negro

Yovana Velázquez Torres

Estrella Carmen Muradas Maceira

**GRUPO MUNICIPAL DO PSdG-PSOE**

Enrique Cabaleiro González

María Yolanda Rodríguez Rodríguez

José Ramón Magán Rivera

**GRUPO MUNICIPAL C21**

Eduardo Freiría Martínez

**GRUPO MUNICIPAL CIUDADANOS**

**TUDENSES**

Milagros González Monteiro

Andrés Urseira González

**GRUPO MUNICIPAL BNG**

Mª del Carmen Núñez Méndez (que se  
incorpora ás 12:03 horas)

José Martínez Tato

**GRUPO MUNICIPAL ALTERNATIVA**

**TUDENSE**

Miguel Angel Capón Rey

Mª José González Pérez

**GRUPO MIXTO**

Laureano Alonso Álvarez

Mª Jesús Da Silva Fernández

Na Casa do Concello, ás doce horas do día doce de decembro de dous mil dezasete, reúnen os/as Concelleiros/as que están a marxe reseñados/as, baixo a presidencia do Alcalde-Presidente Carlos Vázquez Padín. Asiste a Secretaria do concello Pilar Fernández Alonso. O obxecto da reunión é realizar sesión extraordinaria previamente convocada para o día da data e que se celebra en primeira convocatoria. Adóptanse os acordos que a continuación se transcriben.

Non asiste José Rodríguez Romero.

## ORDE DO DÍA

### A) PARTE RESOLUTIVA

**1º.- EXPEDIENTE 2649/17 SOBRE COMUNICACIÓN CON DATA DE REXISTRO DE ENTRADA 07.11.2017 Nº 10295 SOBRE EXPULSIÓN DA CONCELLEIRA MARÍA JESÚS DA SILVA FERNÁNDEZ DO PARTIDO APTUI. INFORME DA SECRETARIA DE DATA 05.12.2017 E PROPOSTA DA ALCALDÍA DE 05.12.2017.**

Vista a proposta de Alcaldía, de data 05.12.2017, que a continuación se transcribe:

#### **“PROPOSTA DA ALCALDÍA**

**ASUNTO: EXPEDIENTE 2649/2017. COMUNICACIÓN CON REXISTRO DE ENTRADA DE 07.11.2017 (Nº 10295) DE EXPULSIÓN DE CONCELLEIRA DO PARTIDO POLÍTICO ALTERNATIVA POPULAR DE TUI (APTUI).**

Considerando o escrito con data de rexistro de entrada de 07/11/2017 (nº 10295), de Dna Yolanda Sousa Fernández en calidade de presidente de Alternativa Popular de Tui (APTUI), no que comunica a decisión do partido de expulsión de Dna M. Jesús da Silva Fernández da formación política.

Considerando o requerimento de data 10/11/2017 de secretaría polo que se require ao representante do partido político ALTERNATIVA POPULAR DE TUI (APTUI) *“para que, nun prazo non superior a diez días, presente cantos documentos estime convintes para acreditar que a expulsión se comunica polo representante legal da formación política que presentou a candidatura, e que a decisión de expulsión foi adoptada por órgano competente, a través do procedemento establecido e mediante decisión motivada. A tales efectos se fai constar que o Art. 3 da LO 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos alude á necesidade de procedementos contradictorios e á audiencia da interesada nos termos expostos (o que resulta asemesmo da aplicación da doutrina do TS antes citada).”*

Considerando que dito requerimento de secretaría foi notificado con data 17/11/2017, e considerando que con con data de rexistro de entrada de 24/11/2017 (nº 10831), de Dna Yolanda Sousa Fernández en calidade de presidente de Alternativa Popular de Tui (APTUI), presenta escrito no que entre outros aspectos alude a que *“.../... De tal forma, y no pudiendo dar cumplimiento al plazo de contestación al requerimiento recogido en el oficio recibido, la documentación solicitada será aportada a la mayor brevedad. En todo caso se quiere dejar constancia expresa de la voluntad de esta parte para subsanar cualquier defecto formal que pudiere haberse cometido, expresando que cuenta con legitimidad suficiente para la decisión adoptada.”*. Considerando en consecuencia que transcurrido o prazo concedido no requerimento de secretaría de data 10/11/2017 non se acreditou o requerido.

Considerando o informe emitido pola secretaria de data 05/12/2017, dacordo co solicitado en acordo plenario de data 30/11/2017, no punto Mocións de urxencia/Moción in voce presentada á vista do escrito con data de rexistro de entrada de 07/11/2017 (nº 10295) de expulsión de concelleira de partido político, no senso de *“Instar a que a secretaria emita un informe sobre a situación legal do Grupo Mixto no Concello.”*

Tendo en consideración o disposto na normativa de aplicación, en especial no artigo 73.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local (LRBRL), artigo 3.2 s) da Lei Orgánica 6/2002, de 27 de xuño, de Partidos Políticos (LOPP), artigo 23 da Constitución



española e RD 2568/1986, de 28 de novembro polo que se aproba o Regulamento de Organización e Funcionamento.

Entendendo que a normativa de aplicación debe interpretarse á luz da doutrina xurisprudencial que atinxe á materia exposta, e considerando a xurisprudencia do Tribunal Supremo que a continuación se relaciona:

-- Sentencia do Tribunal Supremo nº 7/2000, Sala 1ª, do Civil, de 14 de enero, que en relación coa expulsión dun membro dunha Coalición, sinalou (F.J. Tercero):

*"(...) Hay que partir de la base de que IU-CA carecía, en la fecha de los hechos de autos, de normas estatutarias que determinasen las causas de separación o expulsión de los miembros de la coalición, pero esto no debe, en principio, implicar que no puedan ser separados o expulsados los asociados, miembros o militantes de la coalición, si los mismos incurrían en alguna posición, aunque no previamente determinada como falta, que haga incompatible su conducta con la actuación política de la coalición, o con su ideario, pero estas cuestiones, deben ventilarse en un procedimiento donde se guarden las garantías, en orden a obtener un acuerdo conforme con el Estado Democrático de Derecho articulado en la Constitución que, en este supuesto, no se han cumplido, en orden a la desvinculación o expulsión de la militancia de la concejal señora B. B. de IU-CA, como se ha expuesto más arriba.../..."*

-- Sentencia do Tribunal supremo de 2 de marzo de 1982, (Sala de lo Contencioso-administrativo), que sinala, en relación co alcance da competencia dunha Corporación Local respecto dun Acuerdo de expulsión dun membro polo Partido Político, que **o Pleno da Corporación "(...) está obrigado a calificar o examinar si se dan los requisitos-presupuestos esenciales (formalidades extrínsecas) que aparentemente legitiman la decisión interesada, pues al menos deben quedar acreditados que la decisión de expulsión o baja del partido fue adoptada por el órgano competente, a través del procedimiento establecido y mediante decisión motivada, no bastando una mera comunicación**, ya que de ser así la Corporación al acordar el cese carece de datos suficientes para incorporar a su acto de cese que como se ha dicho no es de mera ejecución sino, al contrario, un acto principal y definitivo y que al afectar a los derechos de una persona ha de ser motivado..."

-- Na mesma liña se pronuncia a Sentencia do Tribunal Supremo de data 28 de decembro de 1984, Sala de lo Contencioso-administrativo, na que se recolle: **"(...) teniendo en cuenta la doctrina sentada en la sentencia ya citada del Tribunal Supremo de 2 de marzo de 1982 según la cual ante la comunicación de un partido político a una Corporación local dando cuenta de la pérdida de la condición de miembro del mismo de una persona que ostenta un cargo electivo municipal, el órgano plenario de la Corporación está obligado a calificar o examinar si se dan los requisitos esenciales (formalidades extrínsecas) que aparentemente legitiman la decisión de baja, pues al menos deben quedar acreditados que ésta fue adoptada por el órgano competente, a través del procedimiento establecido y mediante decisión motivada..."**

Considerando asemesmo que a Corporación non pode entrar no exame da legalidade sustantiva do acordo adoptado por un partido político ou coalición política acerca da expulsión do concelleiro, pero que dacordo co exposto a entidade local debe examinar se se dan os requisitos esenciais (formalidades extrínsecas) que aparentemente lexitiman a decisión de expulsión, comprobando que o acordo foi adoptado polo órgano competente, a través do procedemento

establecido e mediante decisión motivada, non banstando unha mera comunicación dacordo coa xurisprudencia indicada.

Considerando que o informe de secretaría de data 05/12/2017 alude a que “ .../...No suposto actual e dacordo cos antecedentes sinalados no presente informe, á data actual non resultan acreditados os requisitos esenciais (formalidades extrínsecas) sinalados pola xurisprudencia do TS (sentenzas de 02/03/1982 e 28/12/1984 entre outras) e xa expostos con anterioridade; así non resulta acreditado que o acordo fose adoptado por órgano competente con arreglo ao procedemento establecido (ou como mínimo con audiencia da interesada), polo que a xuízo de quen suscribe non procede a toma de razón polo Pleno da condición da concelleira como concelleira non adscrita. .../...”

En consecuencia co exposto e coa motivación recollida na parte expositiva da presente proposta e no informe de secretaría de data 05/12/2017, propónse ao Pleno da Corporación a adopción do seguinte acordo:

- Dada a documentación obrante no expediente 2649/2017 á data actual, considerar que non procede a toma de razón polo Pleno da condición da concelleira M<sup>a</sup> Jesús da Silva Fernández como concelleira non adscrita, por non resultar acreditados os requisitos esenciais (formalidades extrínsecas) sinalados pola xurisprudencia do TS (sentenzas de 02/03/1982 e 28/12/1984 entre outras), ao non resultar acreditado que o acordo fose adoptado por órgano competente con arreglo ao procedemento establecido (ou como mínimo con audiencia da interesada), do que resulta que o Grupo Mixto continúa integrado na actualidade por dous concelleiros, dado que dacordo co disposto no artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia: “*Se integrarán, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non houberen obtido un mínimo de dous escaños*”, como resulta ser o caso dos partidos de Son de Tui e APTUI.”

Visto o informe de secretaría de data 05/12/2017 e a restante documentación obrante no expediente.

Ás 12:03 horas incorpórase á sesión a concelleira M<sup>a</sup> del Carmen Núñez Méndez.

Intervén o Sr. Alcalde e comenta que traen ó pleno extraordinario esta cuestión para pechar este impasse e inseguridade xerada con esta cuestión, que non pode continuar así e que hai que solucionar canto antes, e sen perxuízo de que calquer persoa ou os grupos afectados teñan aberta a vía xudicial. Engade que se vai someter a votación a ratificación da inclusión na orde do día (votación de urxencia), tendo tamén en conta que o asunto non foi previamente dictaminado pola comisión informativa correspondente porque non están constituídas xa que aínda non comunicaron algúns grupos os membros adscritos ás mesmas.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez aludindo a unha cuestión de orde, indica que se celebraron comisións informativas dende que houbo o cambio de goberno, polo que pregunta ó Alcalde se entón as comisións anteriores eran ilegais.

Resposta o Sr. Alcalde que o Sr. Alonso Álvarez o que presentou foi un escrito no que di que él é o único membro do Grupo Mixto.

Intervén o Sr. Cabaleiro González sinalando que se convocou un pleno extraordinario e pregunta por qué se vai votar a urxencia.

Intervén o Sr. Capón Rey sinalando que a secretaria diga por qué se vai votar a urxencia.



A continuación a Secretaria sinala que segundo o ROF (art. 82.3), por razóns de urxencia debidamente motivada, se poden incluír na orde do día asuntos que non foran previamente dictaminados pola correspondente comisión informativa, sendo preciso que o Pleno ratifique a súa inclusión na orde do día.

A continuación o Alcalde somete a votación a ratificación da inclusión na orde do día (urxencia), resultando:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: cero (0)**

**Abstencións: oito (8) abstencións co seguinte detaie:**

- 2 votos de abstención do BNG
- Os compoñentes dos Grupos PSdG-PSOE (3), AT (2) e o Sr. Laureano Alonso Álvarez do GMixto non se manifestan.

En consecuencia coa votación queda ratificada a inclusión (urxencia) do asunto.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que non lle parece de recibo traer este asunto nin a urxencia, que non era necesario un pleno para isto e que pensa que non se debería votar. Engade que teñen traballo e que pensa que podía convocarse en horario vespertino. Continúa sinalando que hai un informe da secretaria, pero que o informe da secretaria só debería ser dar conta ao pleno de que esa concelleira non forma parte do GMixto e é non adscrita.

O Sr. Alcalde lle indica que non lle pode dicir á secretaria o que ten que informar.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que o art. 73.3 di que *“Cuando la mayoría de los concejales de un grupo político municipal abandonen la formación política que presentó la candidatura por la que concurrieron a las elecciones o sean expulsados de la misma, serán los concejales que permanezcan en la citada formación política los legítimos integrantes de dicho grupo político a todos los efectos. En cualquier caso, el secretario de la corporación podrá dirigirse al representante legal de la formación política que presentó la correspondiente candidatura a efectos de que notifique la acreditación de las circunstancias señaladas.”*

Engade que o informe da secretaria di que o acordo de expulsión dun membro por parte dos órganos competentes do Partido Político constitúe unha decisión interna e propia de éste, sendo revisable ante a xurisdicción civil (dada a súa natureza de asociación de carácter privado) e non podendo a Corporación entrar no examen da legalidade sustantiva do acordo adoptado por un partido político acerca da expulsión dun concelleiro.

Continúa indicando o Sr. Alonso Álvarez que a argumentación da secretaria non procede porque nesas sentenzas piden o cese, e engade que ten a sentenza completa de 1984 e que se tivo que dilucidar polo civil.

Sinala tamén o Sr. Alonso Álvarez que é de aplicación o art. 73.3 que di que *“... a efectos de su actuación corporativa, los miembros de las corporaciones locales se constituirán en grupos políticos, en la forma y con los derechos y las obligaciones que se establezcan con excepción de aquéllos que no se integren en el grupo político que constituya la formación electoral por la que fueron elegidos o que abandonen su grupo de procedencia, que tendrán la consideración de miembros no adscritos”*.

Engade o concelleiro que o mesmo pasa cando un concelleiro é expulsado do partido político, teráselle como non adscrito.

Continúa a intervención o Sr. Alonso Álvarez aludindo ao artigo 74 da Lei 5/97 e indicando que a lei autonómica di que cando un concelleiro é expulsado do grupo ou formación política

quedaría como non adscrito. Comenta que non sabe se o que votan o están a facer ben, e que a vía será trasladar todo isto ao Ministerio Fiscal, e engade que vostedes tentan ocultar un cambalache e tentan conculcar os dereitos dun partido político, APTUI. Engade que o que ten é que pedirlle que dimita e que corra a lista, porque isto vai acabar nos tribunais de xustiza.

O Sr. Alonso Álvarez pide que non se vote, comenta que a secretaria só tiña que dar conta dun escrito e sinala que o que fan vostedes é enredar. Di que él vai acudir ó Ministerio Fiscal porque se advirte a intención de favorecer a un goberno xurdido dunha moción de censura, e sinala que non comprende a conclusión do informe porque o articulado di que queda como non adscrita.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez indicando que en Tui non hai regulamento orgánico e polo tanto non hai un procedemento establecido, pero que o lóxico é que o procedemento sexa o mesmo que para a constitución dos grupos políticos, e se un concelleiro é cesado, o regulamento ten que ser igual. Engade que non hai necesidade dunha investigación nin dun pleno extraordinario, sen que o Concello poida entrar a valorar se a expulsión é correcta ou se xurídicamente a vontade do grupo está viciada.

Diríxise ó Alcalde sinalando que vostede tenta enredar e xustificar o inxustificable e pretende facernos ver que estamos a torpedear ó goberno, pero non se trata diso, se non de cumprir a legalidade.

Engade que a secretaria só debeu dar conta ao seguinte pleno ordinario, e que en caso de que a concelleira pense que algo sexa ilegal que se vaia á xurisdicción civil se pensa que se conculcaron os seus dereitos.

Pide a retirada do asunto e sinala que pensa que non lle compete ó Pleno. Engade que isto terminará na fiscalía e nos xulgados e os que levanten a man terán unha responsabilidade.

Intervén o Sr. Capón Rey e comenta que o Alcalde foi informado de que había que votar a urxencia e o resto da corporación non, e a secretaria é a asesora da corporación, polo que debeuse meter un informe para informar ao resto da corporación.

O Sr. Capón Rey alude a que se deu ao partido un prazo de 10 días e pregunta por que non se ampliou ese prazo. Engade que no mundo da Administración, cando se pide unha documentación normalmente ábrese outro prazo, polo que se colocou a ese grupo en indefensión.

A petición do Alcalde intervén a secretaria e indica que non se pedía ampliación de prazo e que en calquer momento se se aporta nova documentación habería que traela a pleno.

O Sr. Capón Rey súmase á petición de retirada deste punto. Engade que a toma de razón en contabilidade é asentarse unha partida en conta ou copiar nun rexistro o que debe asentarse, pero pregunta como se vota unha toma de razón e indica que non o van votar.

O Sr. Capón Rey pregunta qué maioría é necesaria para ratificar a inclusión na orde do día e a secretaria responde que cando na orde do día figura un asunto non dictaminado hai que ratificar a inclusión por maioría simple.

Pregunta o Sr. Capón Rey se pode votar a concelleira sendo afectada. Indícase pola secretaria que pensa que hai xurisprudencia no sentido de que podería votar.

O Sr. Capón Rey comenta que o Alcalde falou dunha afiliación masiva ao PP, e pregunta que poden dicir de iso. Intervén a concelleira M<sup>a</sup> Jesús da Silva Fernández e indica que o da afiliación masiva ao PP o dixo ela. O Sr. Capón Rey pregunta á concelleira M<sup>a</sup> Jesús da Silva Fernández se se afiliou ao PP. A Sra. Da Silva Fernández responde que sí.

O Sr. Cabaleiro González pide que conste en acta a resposta da concelleira.

A continuación o Sr. Capón Rey di que o partido político APTUI está legalizado porque se non non podería terse persentado ás eleccións. Engade que no Art. 8 dos estatutos de APTUI se recolle entre as causas de baixa dun afiliado afiliarse a outro partido ou desenvolver actividades que sexan contrarias ós principios inspiradores. Comenta que un acto de tanta importancia como unha moción de censura pon en dúbida a actuación do partido en cuestión.

Remata a súa intervención indicando que se suman á proposta de que quede sobre a mesa e que se de un prazo para a presentación da documentación que falte.



A continuación intervén a Sra. Núñez Méndez e di que queren insistir en dúas cousas, unha a celebración de dous plenos extraordinarios dende que están gobernando, cando o Sr. Padín dicía non aos plenos extraordinarios xa que era un malgasto. Engade que entende que estes plenos extraordinarios se poderían evitar con maior planificación no equipo de goberno. Por outra parte alude a que a hora de celebración dificulta a asistencia do público ao pleno e a asistencia dos concelleiros.

Sinala a Sra. Núñez Méndez que a concelleira manifestou pola radio que non tiña contacto co seu partido dende xullo, polo que costa entender isto, e engade que tardará máis ou menos en ser expulsada pero está claro que non representa a APTUI. Engade a Sra. Núñez Méndez que a Sra. Da Silva fala de afiliacións masivas ó PP e agora di que sí está afiliada ao PP, e que é unha vergonza que sexa afiliada ó PP e proteste para ser parte do Grupo Mixto.

Continúa a Sra. Núñez Méndez indicando que o Sr. Vázquez Padín presentou unha moción contra o transfuguismo na que falaba da inmoralidade, e que o que é ilegal é que manteña a esta persoa no goberno.

Engade a Sra. Núñez Méndez que considera que isto é unha trapallada e que o responsable é o Alcalde, e que contra esta trapallada o BNG non da os 100 días de cortesía porque non o merecen. Engade que a moción de censura era inxustificada e que interrompiron o seu traballo, e que está dacordo en que a proposta debe quedar sobre a mesa.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e sinala como cuestión previa a protesta polo pleno extraordinario nesta hora e día, que dificulta a conciliación da vida política e laboral e conculca os dereitos da oposición, aludindo a que un concelleiro se terá que ausentar e a que non houbo nin unha chamada para consensuar a hora nin o día, e para un pleno que non vai servir para nada. Sinala o Sr. Cabaleiro González que a urxencia non cabe porque os prazos que tiñan para conformar o goberno expiraron hai tempo.

Engade o Sr. Cabaleiro González que para chegar a esta conclusión tiña dous camiños, e que o prudente é entender que o concello non ten lexitimidade para entrar no fondo da cuestión e que a expulsada tería que ir á vía civil, e que o tería fácil co informe da secretaria. Continúa sinalando que se está tomando parte pola concelleira afectada, e que discrepan do informe da secretaria e entenden que é un informe de parte.

Continúa sinalando que se entendían que non era axustado a dereito que o houberan feito dende o primeiro día, porque nos órganos de goberno se incluíu á concelleira con carácter previo á celebración deste debate.

Sinala o Sr. Cabaleiro González que o Alcalde alude a que observa interese da oposición en conformar o goberno, e indica que ningún, que a responsabilidade é do Alcalde.

Continúa a súa intervención o Sr. Cabaleiro González e fai referencia a que cando APTUI expulsou lle dixeron que era un problema serio, e teñen un problema serio.

Sinala que eles non van votar este disparate polo que pide que o retiren e pide que dean conta de que pasa a non adscrito, máis cando no propio plenario a propia afectada di que forma parte do PP, como xa debe constar en acta.

Pregunta o Sr. Cabaleiro González á secretaria se a concelleira pode votar. A secretaria sinala que a normativa recolle como causa de abstención ter interese persoal no asunto de que se trate (interese persoal que semella que concorrería), pero que como dixo pensa que existe xurisprudencia no sentido de que podería votar cando se trata de cuestións plenarias institucionais deste tipo, e que necesitaría tempo para estudar o asunto e emitir un informe ao respecto.

Intervén a Sra. Da Silva Fernández e di que non existiu procedemento, que se pretende facela pasar por tráfuga cun acta falsa, e que presentou denuncia por vía penal, polo que van a ter tempo para aportar a documentación en sede xudicial. Engade a concelleira que a moción de

censura estaba negociada, só que o peón era outro, e que ela votou unha moción con consecuencia. Engade que en APTUI non só está o Sr. Sousa e o Sr. Rendo, hai máis membros, e que a ela non se lle notificou nada polo que pregunta que vai recurrir en vía civil.

A continuación intervén o Sr. Alcalde e di que o que fan é unha análise xurídica que non ten coñecementos para valorar e que pensa que non están no certo. Engade que debaten e contradicen o informe da secretaria e que entende que non corresponde ese debate xurídico. Sinala que esta situación é un drama para min e para o goberno, e que non atopan outra opción para completar o goberno, e que agardouse ata que rematou o prazo concedido.

Engade o Alcalde que por un lado se lles acusa de non constituir o goberno en 30 días conforme á normativa e por outro dise que non hai urxencia, ou unha cousa ou a outra.

Continúa sinalando o Alcalde que dende a perspectiva política non debe hurtarse á cidadanía un tema coma este. Engade que din que non son xuristas pero fan unha análise xurídica e cuestionan á secretaria e pensa que é un camiño delicado e perigoso, e que cuestionar a súa independencia debера limitarse.

Comenta que o partido en calquera momento pode presentar a documentación que queira, e que se presenta un procedemento cunha mínima audiencia se tramitará e se traerá a pleno o máis rápido que se poida, xa que cando se presente a documentación non se poderá facer outra cousa que darlle curso e traelo.

O Alcalde engade que ten razón a Sra. Núñez Méndez en que é un trama o dos plenos extraordinarios, para o goberno máis que para vostedes, indicando que son axentes alleos ó goberno os que están provocando estas circunstancias.

Continúa sinalando que claro que hai un acordo programático que vostedes criticaron, e que falouse de Tui no Parlamento de Galicia porque había un acordo programático, sendo a primeira vez que hai un acordo programático nunha moción de censura, pero iso é positivo.

Engade que o Sr. Cabaleiro González dixo que non houbera unha comunicación de que día lles ía mellor, e que non hai porque a súa compañeira de partido dixo que non permitía ningunha comunicación que non fose oficial.

A continuación intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que non sabe se rir ou chorar, e que cando teñan a acta decidirá a fiscalía. Dille ao Alcalde que cargou o carro con 9 concelleiros pero cargouno mal e non camiña. Engade que lle bota a culpa á oposición de que dificultan, pero que o Alcalde puido tirar para adiante pero ten medo, que sempre tivo medo, que todo lle foi ben menos unha cousa, e que o PP como isto trascenda o PP ten un problema político moi grave.

Reitera o Sr. Alonso Álvarez que a secretaria puxo no informe que é unha cuestión interna propia do partido revisable ante a xurisdicción civil, non podendo a corporación entrar no exame da legalidade sustantiva do acordo do partido. Engade que se un partido expulsa a unha concelleira a secretaria só ten que comunicalo, non ten que entrar a valorar nada, e que as sentencias son de cese como concelleiro.

Continúa a intervención o concelleiro facendo referencia ás sentenzas da sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Madrid de 6.05.2007, 9.01.2008, 6.02.2008 e 20.2.2008, e sinala que o informe ten unha valoración xurídica non conforme a Dereito, na súa opinión. Engade que non se pide o cese da concelleira, pídesese que pase a non adscrita.

Ás trece horas e nove minutos sae o Sr. Magán Rivera.

Continúa o Sr. Alonso Álvarez e fai referencia a unha sentenza do ano 2013 nun caso similar, en que o xulgado decidiu que a moción de censura era ilegal, e que recolle que a moción de censura infrinxe a norma aplicable en termos aritméticos o que conleva a privación de dereitos do Alcalde destituído. Engade o concelleiro que unha moción que se vota e acto seguido o





concelleiro é expulsado, esa moción de censura non é legal. Expón que xa dixo que non ían votar, e que o que si van a votar é se a moción de censura é legal ou non.

Continúa sinalando que isto vai a ir ó xulgado e ó mellor dentro de tres semanas non é Alcalde, que a súa moción de censura ímola tumbar e que o que o que vostedes fixeron foi un cambalache. Engade que o Alcalde ten que pedirlle á Sra. Da Silva que se vaia e que o Grupo Mixto se constituirá sen ningún problema. Continúa a intervención comentando que Alcalde que quere salvar a súa cabeza e que o PP mira para outro lado, recalando que o PP é un partido que firmou o pacto antitransfuguismo, e que pensa que é unha vergonza e que o que tiña que facer era retirar isto da orde do día e que a secretaria de conta ó pleno de que a concelleira ten que pasar a non adscrita.

A continuación intervén o Sr. Capón Rey e comenta que a secretaria di que pensa que a concelleira pode votar, e que entenden que é mellor que quede sobre a mesa. Engade que o acordo programático está feito de calquer grupo, e que os grupos poden expulsar por afiliarse a outros partidos, son feitos evidentes. Manifesta que non lle atopa sentido e pregunta qué perde se é concelleira non adscrita, non perde nada, vai poder votar igual, polo que pregunta cal é o obxectivo e se se trata do que decía Son de Tui.

O Sr. Capón comenta que se dixo que se mañá presentaban documentación se traería, e pregunta entón por que se ten prisa.

Intervén a Sra. Núñez Méndez, quen insiste no surrealismo de todo isto, xa que dende xullo de 2017 non ten contactos coa directiva do partido e no acordo programático entendi de forma persoal, non defendendo ao seu partido, polo que non entende ese empeño en permanecer no Grupo Mixto, xa que os non adscritos poden ser membros da Xunta de Goberno Local segundo o informe da secretaria. Insiste a Sra. Núñez Méndez en que é unha vergonza ter esta persoa no goberno, e que a honestidade de todo isto non aparece por ningún lado, e que debería despregarse a dúbida de se pode votar.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di que esta cuestión se puido dilucidar nun pleno ordinario. Indica que eles non cuestionan a ningún funcionario público, que este informe cremos que é cuestionable, e que que non se pode entrar na legalidade substantiva o di o propio informe da secretaria.

Continúa sinalando que entenden que isto é innecesario, e que o Alcalde desprecia o traballo doutros compañeiros do goberno anterior, de que non había un acordo programático, polo que lle pide que non sexa soberbio.

Engade que o do grupo de whatsapp claro que llo comentou a compañeira e que entenden que non é serio.

Remata a intervención aludindo a o que aconteceu nalgunha ocasión e por unha votación dun expediente de responsabilidade civil, que votaron en contra do Consello Consultivo de Galicia.

Intervén a Sra. Da Silva Fernández e sinala que realmente é unha cuestión de ilegalidade, que se pretende a expulsión cando non houbo unha mínima forma. Pregúntalle ó Sr. Alonso Álvarez que se él firma o escrito de expulsión se sería válido.

A Sra. Da Silva Fernández comenta que á Sra. Núñez Méndez lle resposta que dende o 24 de xullo non tivo contacto co seu partido non porque ela non quixera, se non porque non a volveron a chamar.

Intervén o Sr. Alcalde e di que dende a perspectiva política hai un pacto político PP-C21, porque hai un programa político, e que os suxeitos políticos que fan o pacto son C21 e PP, que dende a perspectiva política son todos do PP, APTUI e CT están integrados no PP, e que é público e notorio como saíu na Voz de Galicia e no Faro de Vigo.

Continúa o Sr. Alcalde indicando que o goberno ten que funcionar con normalidade e dille ó Sr. Alonso Álvarez que se é tan aficionado á fiscalía, ó mellor o goberno sí ten que revisar as facturas e envialo á fiscalía.

O Sr. Alonso Álvarez manifesta que iso qué ten que ver, e o Sr. Alcalde dille que non ten a palabra e que é o primeiro aviso.

A continuación o Sr. Alcalde di que a cuestión está agora en mans do xulgado, e que se queren acudan á fiscalía. Engade que dende a perspectiva política é evidente que toda esta xente está involucrada no PP, e comenta que non se traizoa o mandato do electorado, que se traizoaría se pactaran con vostedes.

O Sr. Alonso Álvarez dille ao Sr. Vázquez Padín que está mentindo.

A continuación o Sr. Castro Negro pide a palabra por alusións e comenta que quere facer unha reflexión, di que no suposto de que a Sra. Da Silva Fernández pasase a non adscritos e houberse unha denuncia no penal, se se concluíse que ten que seguir no Grupo Mixto que pasaría. Sinala que a valoración que están a facer non procede, e que se o procedemento de expulsión non é legal pregunta por que se adiantan as cousas. Engade o Sr. Castro Negro que o procedemento ten que seguir un curso, e que cando chegue ó final terá que seguir no Grupo Mixto ou pasar a non adscrita.

Intervén o Sr. Capón Rey e di que o ROF di que o debate empezará coa intervención do ponente, e que entendi o Alcalde e agora entendi o Sr. Castro Negro, que entón agora queren intervenir eles. Diríxese ó Sr. Alcalde e dille que non ten dereito a falar de facturas de calquera concelleiro.

A Sra. Rodríguez Rodríguez pide a retirada da proposta e indica que hai un expediente de responsabilidade patrimonial que foi ó xulgado e que por unha votación que non foi adecuada a data de hoxe están suxeitos a unha imputación se se leva a fiscalía.

Sinala que o PSOE non votará a favor nin en contra porque entenden que hai irregularidades, e que as persoas que votamos nun sentido ou noutro pode que teñamos responsabilidade, e engade que entenden que os informes non se axustan.

Ao non haber máis intervencións, o Alcalde somete a votación a retirada solicitada, que resulta **rexeitada por oito (8) votos en contra** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **sete (7) votos a favor** (2 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto) **e unha (1) abstención** (a efectos da votación se considera que o Sr. Magán Rivera se abstén ao non estar presente no momento da votación, habéndose ausentado unha vez iniciada a deliberación do asunto).

A continuación o Alcalde somete a votación a petición do Sr. Capón Rey de que o asunto quede sobre a mesa, que resulta **rexeitada por oito (8) votos en contra** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **sete (7) votos a favor** (2 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto) **e unha (1) abstención** (a efectos da votación se considera que o Sr. Magán Rivera se abstén ao non estar presente no momento da votación, habéndose ausentado unha vez iniciada a deliberación do asunto).

A continuación o Alcalde somete a votación, a solicitude do Sr. Capón Rey, que a votación do asunto sexa nominal, resultando **rexeitada a votación nominal por oito (8) votos en contra** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto), **sete (7) votos a favor** (2 do PSdG-PSOE, 2 de AT, 2 de BNG e 1 de Laureano Alonso Álvarez do Grupo Mixto) **e unha (1) abstención** (a efectos da votación se considera que o Sr. Magán Rivera se abstén ao non estar presente no momento da votación, habéndose ausentado unha vez iniciada a deliberación do asunto).



A continuación o Alcalde somete a votación ordinaria a proposta da Alcaldía de data 05/12/2017, da que resulta:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP (Sr. Castro Negro, Sra. Velázquez Torres e Sra. Muradas Maceira), 2 de C21 (Sr. Vázquez Padín e Sr. Freiría Martínez), 2 de CT (Sra González Monteiro e Sr. Urseira González) e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: cero (0) votos**

**Abstencións: oito (8) abstencións co seguinte detaie:**

- Non se manifestan os seguintes concelleiros: Sr. Cabaleiro González, Sra. Rodríguez Rodríguez, Sra. Núñez Méndez, Sr. Martínez Tato, Sr. Capón Rey, Sra. González Pérez e Sr. Alonso Álvarez.
- O Sr. Magán Rivera non está presente no momento da votación, habéndose ausentado unha vez iniciada a deliberación do asunto.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía de data 05/12/2017.

En consecuencia coa votación o Pleno da Corporación acorda:

- Dada a documentación obrante no expediente 2649/2017 á data actual, considerar que non procede a toma de razón polo Pleno da condición da concelleira M<sup>a</sup> Jesús da Silva Fernández como concelleira non adscrita, por non resultar acreditados os requisitos esenciais (formalidades extrínsecas) sinalados pola xurisprudencia do TS (sentenzas de 02/03/1982 e 28/12/1984 entre outras), ao non resultar acreditado que o acordo fose adoptado por órgano competente con arreglo ao procedemento establecido (ou como mínimo con audiencia da interesada), do que resulta que o Grupo Mixto continúa integrado na actualidade por dous concelleiros, dado que dacordo co disposto no artigo 74.4 da Lei 5/1997, de 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia: “*Se integrarán, en todo caso, no grupo mixto os membros dos partidos políticos, federacións, coalicións ou agrupacións que non houbesen obtido un mínimo de dous escaños*”, como resulta ser o caso dos partidos de Son de Tui e APTUI.

O Sr. Capón Rey solicita que consten en acta na votación os nomes dos concelleiros.

## **2º. DACIÓN DE CONTA DE ESCRITOS PRESENTADOS POR VOCEIROS DE GRUPOS POLÍTICOS MUNICIPAIS SOBRE MEMBROS DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES E PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DATA 05.12.2017**

Considerando a proposta de Alcaldía, de data 05.12.2017, que se transcribe literalmente:

### **“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

#### **COMPOSICIÓN DAS COMISIÓNS INFORMATIVAS PERMANENTES.**

*Adoptado acordo plenario en sesión extraordinario de data 14/11/2017 relativo á constitución e composición das Comisións Informativas e remitida notificación do referido acordo aos voceiros dos grupos municipais así como oficio requirimento do Alcalde, con rexistro de saída de data 27/11/20, aos efectos de designación de representantes por cada grupo político municipal.*

*Presentados os seguintes escritos polos voceiros dos grupos políticos que a continuación se relacionan:*

- *Grupo municipal Ciudadanos Tudenses, R.E. nº 10955 de 29/11/2017.*
- *Grupo municipal Partido Popular, RE nº 11152 de 05/12/2017.*

- Grupo municipal C21, RE nº 11165 de 05/12/2017.
- Grupo municipal PSdeG-PSOE, RE nº 11171 de 05/12/2017.

Por todo o anteriormente exposto esta Alcaldía-Presidencia, propón ó Pleno da Corporación a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Tomar razón dos escritos R.E. nº 10955 de 29/11/2017, RE nº 11152 de 05/12/2017, RE nº 11165 de 05/12/2017, RE nº 11171 de 05/12/2017, sobre designación dos membros que deben formar parte das comisións informativas permanentes en representación dos grupos municipais Ciudadanos Tudenses, Partido Popular, C21 e PSdeG-PSOE.

En consecuencia:

1.- Os representantes do grupo municipal Ciudadanos Tudenses nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

Comisión especial de Contas (que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio.

Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.

Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais .

Comisión Informativa de Honores e Distincións.

**Titular de todas elas Don Andrés Urseira González e suplente Dona Milagros González Monteiro.**

2.- Os representantes do grupo municipal Partido Popular nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

**Comisión especial de Contas ( que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio:**

**Titulares:** Yovana Velazquez Torres **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira **Suplente:** José Rodríguez Romero.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira **Suplente:** José Rodríguez Romero.

**Titulares:** Yovana Velázquez Torres. **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais:**

**Titulares:** Yovana Velázquez Torres. **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira. **Suplente:** José Rodríguez Romero

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

**Titulares:** Antonio Castro Negro. **Suplente:** Yovana Velázquez Torres.

**Titulares:** José Rodríguez Romero. **Suplente:** Estrella del Carmen Muradas Maceira."

3.- Os representantes do grupo municipal C21 nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

**Comisión especial de Contas ( que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) :**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

4.- Os representantes do grupo municipal PSdeG-PSOE nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:



**Comisión Especial de Contas (que funciona como Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal)**

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.  
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.  
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais:**

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.  
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

Titulares: - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.  
- José Ramón Magán Rivera.

Suplente: Enrique Cabaleiro González.”

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e pregunta por que non se trae a desiganción do Grupo Mixto.

Resposta o Sr. Alcalde que porque no escrito que presentou vostede (Sr. Alonso Álvarez) o que dixo é que é o único representante do Grupo Mixto, e non lle corresponde.

Pregunta o Sr. Alonso Álvarez quen decide quen conforma o Grupo Mixto.

O Sr. Alcalde alude ao atravesamento do Sr. Alonso Álvarez a facer afirmacións taxativas.

Intervén o Sr. Capón Rey e comenta que se non hai acordo entre o Grupo Mixto se non sería máis razoable que o Alcalde se reúna con eles, que sería un exemplo de diálogo e democracia.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que eles presentaron o escrito con retraso porque verbalmente nos dixeran que si se mantiña a composición non era necesario, cando fomos requeridos o presentamos.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e comenta que o grupo mixto é para as organizacións que non acadan o número suficiente para formar grupo propio, e pregunta á Sra. Da Silva Fernández que no grupo mixto a quen representa.

Resposta a Sra. Da Silva Fernández e di que a APTUI, que en APTUI hai máis xente e que ela segue representando a APTUI.

A continuación o Sr. Cabaleiro González di que a representación no Grupo Mixto no goberno anterior lla cederon a quen non estaba no goberno.

Intervén o Sr. Alcalde e di que no acordo non se leva o reparto da representación do Grupo Mixto nas comisións.

Intervén o Sr. Capón Rey e alude a que sí que o fixo vostede no seu día.

O Sr. Alcalde comenta que se o grupo mixto non se pon de acordo, ou queda sen representación nas Comisións, xa que estaría pendente de adscribir membros, ou xa me dirá cal é a solución. Engade que se chegan a porse dacordo no GMixto, habería comisións en que o goberno estaría en minoría, e teríamos o amparo para cambiar a composición das comisións.

Ás catorce horas e dez minutos incorpórase novamente o Sr. Magán Rivera.

Continúa intervindo o Sr. Alcalde e di que se tiveran espírito construtivo deberían designar a representación nas comisións informativas, tráense a pleno os escritos de designación que estaban, agora parece que o BNG e AT tamén o presentaron e traerase a pleno.

Intervén o Sr. Martínez Tato e di que lean o 2º parágrafo do pacto antitransfuguismo, no que se sinala que cando xurdan dúbidas sobre qué membros dun partido incorreron en transfuguismo, será a formación política a que deberá aclaralo.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que do caos creouse despois o universo, e que isto é caótico, demencial e de dubidosa legalidade. Engade que está canso de que se lle diga se collía o teléfono ou non, son dimes e diretes da prensa do corazón, a realidade é que non podía recibir as notificacións.

O Sr. Alonso Álvarez indica que o Sr. Alcalde tomou a decisión de que o grupo mixto estaba integrado con dous membros, que ven a constituir un goberno a anacos, e pregunta se cando un concelleiro é elixido por unha candidatura ese concelleiro está todo o mandato por esa candidatura ou pode pasarse a outras. Continúa o Sr. Alonso Álvarez sinalando que o Sr. Alcalde o que tenta ocultar é o problema coa moción de censura, e dille ao Alcalde que constituía a Xunta de Goberno Local legalmente e sen a concelleira non adscrita.

A continuación o Sr. Alonso Álvarez pregunta se para o vindeiro pleno ordinario o Grupo Mixto non terá representación nas comisións.

Resposta o Sr. Alcalde que cando presenten o escrito correspondente do Grupo Mixto terán representación.

Intervén o Sr. Capón Rey e pregunta ó Sr. Alcalde que como calificaría a concelleiros que se presentan as eleccións como un grupo político, neste caso independente, e á metade de legislatura, para presentar unha moción e acceder ao poder cambian de partido, ao tempo que eses concelleiros no periodo electoral ofertaran que non pactarían co PP. Engade que unha señora no pleno da moción de censura lle dixera ao Alcalde “*eu che preguntara se ibas pactar co PP e me dixeches que non*”, e despois se marchou. A continuación o Sr. Capón Rey reitera a pregunta de que cómo o califica o Alcalde.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e di que é o segundo pleno extraordinario e non queda configurado o Grupo Mixto nin as comisións informativas.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e di que este pleno non vale para nada. Alude a que nun pleno anterior se acusaba de tentar agochar o escrito do 23 de outubro de expulsión, e que agora lle dan entrada de 7 de novembro, e sinala qué rara esa entrada.

A continuación o Sr. Alcalde dille ó Sr. Alonso Álvarez que él foi testemuña de cómo lle fuxía a Sra. Da Silva Fernández ó acabar unha comisión informativa, e incluso antes desa data do sete de novembro. Engade que probablemente tiña esa información, se non non se entende, con carácter previo ó 7 de novembro, o que indica que é unha irresponsabilidade ou que é complice.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e dille que non lle consinte que minta, que el é cidadán de Tui e pode ter amizades ou enemistades, e que o Sr. Alcalde está nunha cápsula e o seu goberno está día a día afundíndose.

O Sr. Alcalde chama á orde o Sr. Alonso Álvarez indicándolle que realiza a segunda advertencia e que non ten a palabra.

Continúa a intervención o Sr. Alcalde e sinala que, efectivamente, no pleno da moción de censura unha señora lle dixo iso, que están as entrevistas da campaña tanto na Cadena Ser como en Radio Tui, e que o que él dixo e sempre mantivo é que como partido liberal poden pactar coa esquerda e coa dereita, pero que non pactarían co PP no 2015 e que evitarían que o Sr. Rocha



fose Alcalde, e que iso foi o que fixeron. Engade o Sr. Alcalde que incluso ten dito que os partidos liberais pactan máis coa dereita que coa esquerda.

Intervén o Sr. Cabaleiro González e pregunta por que non quería pactar con eses cabezas de lista. Intervén o Sr. Capón Rey e reitera a pregunta de que calificativo lle merecen os concelleiros que van nun partido e á metade da lexislatura cambian. Resposta o Sr. Alcalde que xa está contestado.

Intervén a Sra. Da Silva Fernández e di que será non adscrita cando se determine nun procedemento legal en que cando menos se lle de a posibilidade de defenderse. Engade que o que non lle permite ó Sr. Alonso Álvarez é que falte á verdade, que ela falou co Sr. Alonso Álvarez e que él lle dixou que ían a retardalo ata que se conformara o goberno, e que ela lle dixera que non tiña problema no reparto que tiña coa Sra. Sousa. Engade que á saída dunha comisión informativa tamén tentou falar con él.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que Son de Tui negocia con APTUI.

O Alcalde somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día (urxencia), resultando:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: dous (2) votos** de AT

**Abstencións: seis (6) abstencións co seguinte detaie:** Os concelleiros dos Grupos PSdG-PSOE (3), BNG (2) e o Sr. Laureano Alonso Álvarez do GMixto non se manifestan.

En consecuencia coa votación queda ratificada a inclusión do asunto.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía de data 5/12/2017, resultando:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: cero (0) votos**

**Abstencións: oito (8) abstencións co seguinte detaie:**

- Non se manifestan os concelleiros dos Grupos PSdG-PSOE (3), BNG (2), AT (2), nin o Sr. Laureano Alonso Álvarez do GMixto.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía de data 05/12/2017.

En consecuencia coa votación o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.-** Tomar razón dos escritos R.E. nº 10955 de 29/11/2017, RE nº 11152 de 05/12/2017, RE nº 11165 de 05/12/2017, RE nº 11171 de 05/12/2017, sobre designación dos membros que deben formar parte das comisións informativas permanentes en representación dos grupos municipais Ciudadanos Tudesenses, Partido Popular, C21 e PSdeG-PSOE.

En consecuencia:

1.- Os representantes do grupo municipal Ciudadanos Tudesenses nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

Comisión especial de Contas (que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio.

Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes.

Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais .

Comisión Informativa de Honores e Distincións.

**Titular de todas elas Don Andrés Urseira González e suplente Dona Milagros González Monteiro.**

2.- Os representantes do grupo municipal Partido Popular nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

**Comisión especial de Contas ( que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) Informativa de Contas, Facenda e Patrimonio:**

**Titulares:** Yovana Velazquez Torres **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira **Suplente:** José Rodríguez Romero.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira **Suplente:** José Rodríguez Romero.

**Titulares:** Yovana Velázquez Torres. **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais:**

**Titulares:** Yovana Velázquez Torres. **Suplente:** Antonio Castro Negro.

**Titulares:** Estrella del Carmen Muradas Maceira. **Suplente:** José Rodríguez Romero

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

**Titulares:** Antonio Castro Negro. **Suplente:** Yovana Velázquez Torres.

**Titulares:** José Rodríguez Romero. **Suplente:** Estrella del Carmen Muradas Maceira."

3.- Os representantes do grupo municipal C21 nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

**Comisión especial de Contas ( que funcionará como Comisión Informativa permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal) :**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos municipais:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

**Titular:** Carlos Vazquez Padín ( Presidente) . **Suplente:** Eduardo Freiría Martínez.

4.- Os representantes do grupo municipal PSdeG-PSOE nas comisións informativas permanentes quedarían da seguinte maneira:

**Comisión Especial de Contas (que funciona como Comisión Informativa Permanente de Facenda, Patrimonio e Persoal)**

**Titulares:** - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.

- José Ramón Magán Rivera.

**Suplente:** Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Ensino, Servizos Sociais, Cultura, Turismo e Deportes:**

**Titulares:** - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.

- José Ramón Magán Rivera.

**Suplente:** Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Urbanismo, Obras, Contratación e Servizos Municipais:**

**Titulares:** - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.

- José Ramón Magán Rivera.

**Suplente:** Enrique Cabaleiro González.

**Comisión Informativa de Honores e Distincións:**

**Titulares:** - María Yolanda Rodríguez Rodríguez.

- José Ramón Magán Rivera.

**Suplente:** Enrique Cabaleiro González.





**3º.- PROPOSTA DE ALCALDÍA DE DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DE GOBERNO DA RADIO-TELEVISIÓN DE TUI.**

Considerando a proposta de Alcaldía, de data 05.12.2017, que se transcribe literalmente:

**“PROPOSTA DE ALCALDÍA**

**DESIGNACIÓN DE REPRESENTANTES NO CONSELLO DE GOBERNO DA RADIO-TELEVISIÓN DE TUI.**

*Celebrado Pleno extraordinario de Moción de Censura en sesión de 17 de outubro 2017 e habendo prosperado a mesma.*

*Considerando que o artigo 38 do RD 2568/1986, de novembro, prevé que o Pleno deberá proceder ao nomeamento dos representantes da Corporación en órganos colexiados que sexan da súa competencia.*

*Considerando que con data de rexistro de saída 19/10/2017 remitiuse aos voceiros dos grupos políticos municipais escrito da Alcaldía aos efectos de designación de representantes de cada grupo municipal no Consello de Goberno da Radio-Televisión municipal de Tui.*

*Tendo en conta que segundo o establecido no art. 5 dos Estatutos da Radio-Televisión municipal de Tui, o Consello de Goberno estará integrado, entre outros, polo Presidente, que será o Alcalde ou concelleiro en quen delegue, así como un representante de cada grupo político municipal.*

*Considerando que polos grupos municipais de PSdG-PSOE, BNG, AT e Grupo Mixto aínda non se designou polos voceiros correspondentes o concelleiro de cada grupo designado aos efectos de representación no Consello de Goberno da Radio-Televisión de Tui.*

Esta Alcaldía, **PROPÓN** ao Pleno Corporativo a adopción do seguinte **ACORDO**:

**PRIMEIRO.-** Nomear como Presidente no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui ao alcalde Carlos Vázquez Padín.

**SEGUNDO.-** Nomear como representantes dos grupos políticos municipais que a continuación se relacionan, no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui, aos seguintes concelleiros :

- Polo grupo político municipal do PP: Antonio Castro Negro.
- Polo grupo político municipal de C21: Carlos Vázquez Padín (que actuará como Presidente).
- Polo grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses: Andrés Urseira González.

**TERCEIRO.-** Facer constar que cando se proceda á designación polo voceiros dos grupos políticos municipais que faltan por designar aos representantes no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui, se procederá a elevar ao Pleno a proposta de nomeamentos correspondente.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ós concelleiros nomeados, así como ó Consello de Goberno da Radio-Televisión municipal de Tui.”

O Alcalde somete a votación a ratificación da inclusión do asunto na orde do día (urxencia), resultando:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: cero (0) votos**

**Abstencións: oito (8) abstencións co seguinte detaie:** Os concelleiros dos Grupos PSdG-PSOE (3), BNG (2), AT (2) e o Sr. Laureano Alonso Álvarez do GMixto non se manifestan.

En consecuencia coa votación queda ratificada a inclusión do asunto.

Intervén o Sr. Alonso Álvarez e di que o Grupo Mixto segue sen representante, e dille ó Sr. Alcalde que a ver se para o ano que ven temos o goberno constituído.

Intervén o Sr. Capón Rey e comenta que non sabe se se fixo o requerimento aos grupos para a designación. O Sr. Alcalde resposta que sí se fixo o requerimento.

Intervén o Sr. Capón Rey e que di que será que non ten acceso á sede electrónica.

Intervén a Sra. Núñez Méndez e explica que designaron cando foron requeridos, ó mellor houbo problemas na sede electrónica.

A continuación, o Sr. Alcalde somete a votación a proposta de Alcaldía de data 5/12/2017, resultando:

**Votos a favor: oito (8) votos** (3 do PP, 2 de C21, 2 de CT e 1 de M<sup>a</sup> Jesús Da Silva Fernández do GMixto)

**Votos en contra: cero (0) votos**

**Abstencións: oito (8) abstencións co seguinte detaie:**

- Non se manifestan os concelleiros dos Grupos PSdG-PSOE (3), BNG (2), AT (2) nin o Sr. Laureano Alonso Álvarez do GMixto.

Queda aprobada a proposta da Alcaldía de data 05/12/2017.

En consecuencia coa votación o Pleno da Corporación acorda:

**PRIMEIRO.-** Nomear como Presidente no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui ao alcalde Carlos Vázquez Padín.

**SEGUNDO.-** Nomear como representantes dos grupos políticos municipais que a continuación se relacionan, no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui, aos seguintes concelleiros :

- Polo grupo político municipal do PP: Antonio Castro Negro.
- Polo grupo político municipal de C21: Carlos Vázquez Padín (que actuará como Presidente).
- Polo grupo político municipal de Ciudadanos Tudenses: Andrés Urseira González.

**TERCEIRO.-** Facer constar que cando se proceda á designación polo voceiros dos grupos políticos municipais que faltan por designar aos representantes no Consello de Goberno da Radio Televisión municipal de Tui, se procederá a elevar ao Pleno a proposta de nomeamentos correspondente.

**CUARTO.-** Dar traslado do presente acordo ós concelleiros nomeados, así como ó Consello de Goberno da Radio-Televisión municipal de Tui.

E ó non haber máis asuntos que tratar, o Alcalde da por rematada a sesión ás catorce horas e corenta e dous minutos, estendéndose a presente acta da que eu, Secretaria, dou fe.